

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAIDA Data: 20/02/2018 13:31:33
1815/18

Sr. alcalde-presidente do Concello de Valdoviño
Porta do Sol, s/n
15552 – VALDOVIÑO (A Coruña)

Expediente: N.7.Q/317/18

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Sr. alcalde:

Na visita realizada ao Concello de Valdoviño o 14 de febreiro pasado, e logo da reunión mantida co Sr. alcalde e posteriormente con veciños dese término municipal, tivemos coñecemento da situación existente nas inmediacións da Avenida de Vilalba de Valdoviño.

Segundo as declaracións recollidas, existen rúas e edificios sen denominación nin numeración, o cal ocasiona múltiples incidencias. Entre elas, que o servizo de correos non poda realizar a entrega e reparto postal con prontitude e eficacia.

Ante a situación descrita, esta Institución no exercicio da atribución conferida polo artigo 16.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo, procede á apertura de oficio, do expediente de queixa N.7.Q/317/18. En concreto solicitamos dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados, e sobre as medidas que se adoptaron ou se adoptarán, no caso de confirmarse tal cousa; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

